



**O CENTRO DE NIGRÁN TÍNGUESE DE CULTURA NA II FEIRA DO LIBRO DO MUNICIPIO QUE SE CELEBRA ESTE DOMINGO**

**A Praza do Concello acollerá este encontro cultural que reúne a profesionais do mundo editorial, da ilustración e das artes escénicas**

**O evento conta cunha dilata programación que inclúe presentacións e firma de libros, debates, concertos, obradoiros e contacontos**

**Nigrán, 17/03/2016.-** O centro de Nigrán converterase no núcleo cultural da comarca coa celebración da segunda edición da Feira do Libro do municipio na Praza do Concello durante todo o domingo. O encontro, organizado polo Concello de Nigrán e os colectivos Truequelandia e Casa Colorida, conta cunha ampla programación aberta a todas as persoas que desexen participar e compartir coñecementos.

Antesala do Día mundial da Poesía, que se conmemora o 21 de marzo, o evento desenvolverase nunha intensa xornada dominical, dende as 11.00 horas ata medianoite, que reunirá a máis de medio centenar de profesionais do mundo editorial, a ilustración ou as artes escénicas e audiovisuais. As persoas que se acheguen poderán, ademais, adquirir distintos produtos culturais nos postos da feira, onde tamén se poderá coñecer o traballo dos artistas da zona "que son moitos, desbordan talento e realizan un gran esforzo para achegar a cultura á cidadanía a través das súas creacións", sinala o alcalde de Nigrán, Juan González.

A cita inaugurarase cunha homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas, falecido o pasado mes de novembro, para continuar con dous obradoiros de graffiti e de expresión libre. Ás 12.00 presentarase o poemario "La Pasión del Hijo Apático", de Héctor Arnau, acompañado dunha performance músico-



teatral. Posteriormente, a asociación IDendeaf ofrecerá unha charla sobre o seu traballo de creación de contidos audiovisuais dirixidos a persoas xordas.

A sesión vermú, estimada entre as 14.00 e as 16.00 horas, estará amenizada por dous grupos musicais, Célticos e Radiosonoplasmática. Despois realizaranse distintos obradoiros dirixidos aos máis cativos a cargo de Truequelandia, que se sucederán ata as 20.00 horas.

Pola tarde será o turno para as presentacións literarias, firma de libros e debates de distintos autores, como Carlos Meixide, Gerardo Collazo, Gloria Pérez ou Fernando Salgado, e entidades como Ollomol Audiovisual.

Ás 18.30 darase a coñecer no auditorio o proxecto "Pensa global, imprime local, pensar ende os comúns", que servirá de condutor dun debate sobre a acción colectiva ao que están convidadas todas as editoriais participantes e outras que desexen achegarse, así como os asistentes. No mesmo emprazamento, Julio Villarino achegará ao público o seu libro "Contos de Nigrán", acompañado polos alumnos do Centro Juan María.

Un espectáculo multidisciplinar de Cía. tras Pediante e tres concertos protagonizados por Baiona Bay, Célticos e Ameva porán o broche final a esta convocatoria na que converxerán proxectos e accións alternativas co obxectivo de visibilizar outro tipo de iniciativas culturais.